

INFORME CLIMATOLÓGICO MES DE SETEMBRO DE 2022



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRIBIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	6
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.....	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.....	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2022.....	17
6	PRECIPITACIÓN.....	18
6.1.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.....	19
6.2.	Días de chuvia en setembro de 2022.....	20
6.3.	Evolución da precipitación en setembro de 2022.....	22
7	VENTO.....	23
8	RADIACIÓN SOLAR	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.....	28
9	RAIOS.....	29

Anexos:

Resumo mensual

Calendario de setembro de temperatura mínima

Calendario de setembro de temperatura máxima

Calendario de setembro de precipitación acumulada

Calendario de setembro de refacho máximo

Data edición: 06/10/2022

**Mes de setembro normal en precipitación e cálido.****1 INTRODUCCIÓN**

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
=< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>=máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
=< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>=máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de setembro comportouse dun xeito moi cambiante e variable, con situacións anticiclónicas intensas mesturadas coa chegada de borrascas atlánticas e mesmo coa chegada dos restos dunha tormenta tropical a mediados do mes. Isto fai que non teñamos anomalías moi significativas en precipitacións mentres que as temperaturas foron algo máis elevadas do agardado, debido principalmente aos valores mínimos.

Así, nos primeiros 3 días do mes quedamos nunha situación intermedia entre altas e baixas presións, con ventos de oeste que achegaban nubes e deixaban algunhas precipitacións en puntos da metade oeste e tamén no norte de Lugo, aínda que non demasiado cuantiosas.

As baixas presións movéronse cara Galicia na xornada do día 4, quedando a nosa Comunidade no límite do seu radio de acción. Ademais o movemento das fronteas asociadas a esa borrasca quedaba bloqueado pola presenza de altas presións no Mediterráneo occidental. Isto deu lugar a que no período entre os días 4 e 7 as chuvias no oeste da Coruña e puntos das Rías Baixas fosen persistentes e de intensidade moderada, acumulándose cantidades superiores aos 100 L/m² nesas tres xornadas, mentres áreas de Ourense ou Lugo apenas se viron afectadas polas precipitacións, aínda que o día 7 si se acumularon cantidades significativas na provincia de Ourense.

O día 8 tivemos una transición cara a situación anticiclónica, polo que foi unha xornada con escasas precipitacións.

Chuvias que tampouco apareceron nos tres días seguintes: 9, 10 e 11, nos que as altas presións achegaron estabilidade. O máis salientable neses días foron as elevadas temperaturas alcanzadas, chegándose a superar os 30°C en puntos illados do interior nas tardes do 10 e 11.

Na xornada do 12 produciuse o achegamento a Galicia dos restos da tormenta tropical *Danielle*. A consecuencia foi que os días 12, 13 e 14 os chuvascos afectaron a toda Galicia e fóronse producindo de xeito intermitente, pero ocasionalmente con forte intensidade e mesmo de xeito puntual con aparato eléctrico.



O día 15 os restos de *Danielle* foron desaparecendo e polo tanto vivimos un día de transición no que os chuvascos foron esmorecéndose ao tempo que os ceos ían quedando pouco nubrados.

Os seguintes sete días, entre o 16 e o 22, as condicións foron de novo anticiclónicas, coas altas presións localizadas ao norte da península Ibérica. Isto deixou varias xornadas consecutivas de tempo seco, soleado e con elevadas temperaturas. No interior os valores máximos superaron os 30°C de xeito bastante xeneralizado, mentres no litoral tamén se superaban os 25°C en moitos lugares.

Esta situación comezou a romperse na xornada do 23, aínda que de xeito moi transitorio xa que as altas presións seguiron predominando, pero retiradas cara ao oeste, o que permitiu a chegada de aire frío procedente do norte.

Entre os días 23 e 27 rexistráronse algunhas precipitacións asociadas a ese aire frío, pero tiveron lugar en xeral no terzo norte e en ningún caso foron xeneralizadas. Nese período destacou máis a baixada de temperatura e a intensidade do vento, que nalgúns puntos do litoral foi especialmente persistente.

O vento cambiou a noroeste os días 28 e 29 o que xeneralizou algo máis a choiva, especialmente nas primeiras horas do 29.

O último día do mes de novo atopámonos diante dunha situación de transición cara a altas presións, polo que non se produciron precipitacións.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Na Figura 1 en superficie, pódese observar unha forte anomalía negativa que afecta a toda a Península e gran parte de Europa, quedando as altas presións ao oeste de Islandia o que explica as situacións que deixaron chuvias abundantes na Comunidade. Na Figura 2, pódese ver como en altura as presións na península e na Comunidade foron as propias dun mes de setembro.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Setembro-2022 respecto ao período 1991-2020.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Setembro-2022 respecto ao período 1991-2020.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de Meteogalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

**A CORUÑA**

	SETEMBRO 2022 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.6/19.6	18.5	20.6 (2014)	15.7 (1952)
Tª mínima media	16.1/16.4	15.2	17.1 (2014)	12.2 (1952)
Tª mínima absoluta	12.4/12.5 (día 30)	5.2 (20/09/1938)		
Tª mínima máis alta	19.6/20.2 (día 12)	20.6 (28/09/1990)		
Tª máxima media	22.8/22.8	21.8	23.5 (1987)	19.1 (1952)
Tª máxima absoluta	26.5/27.0 (día 19)	35.4 (13/09/2020)		
Tª máxima máis baixa	18.3/18.1 (día 25)	15.2 (01/09/1956)		
Precipitación acumulada	71	42-76	258 (1932)	3 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	11	7	19 (1933)	1 (1985)

Comentario: Mes en xeral moi cálido tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais. Sen embargo, o número de días de chuvia foi moi superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2022. Temperatura: 1948-2022.

SANTIAGO

	SETEMBRO 2022	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	18.2	18.3	21.8 (1985)	15.9 (1993)
Tª mínima media	13.4	13.1	15.0 (2016)	11.8 (1996)
Tª mínima absoluta	8.2 (día 30)	3.6 (30/09/1982)		
Tª mínima máis alta	17.9 (día 12)	23.2 (06/09/2016)		
Tª máxima media	22.7	23.5	28.5 (1985)	19.9 (1993)
Tª máxima absoluta	30.0 (día 19)	40.0 (06/09/2016)		
Tª máxima máis baixa	17.5 (día 28)	12.5 (19/09/2000)		
Precipitación acumulada	164	56-105	263 (1999)	1 (2018)
Días de chuvia (≥1mm)	10	8	17 (1993)	0 (2018)

Comentario: Mes cálido tendo en conta a temperatura mínima e, frío tendo en conta a máxima. Como resultado disto para a temperatura media o mes resultou normal.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais, resultando un mes húmido. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2022. Temperatura: 1982-2022.



LUGO

	SETEMBRO 2022	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	17.9	17.1	20.4 (1987)	14.0 (1995)
Tª mínima media	11.1	11.0	13.0 (1991)	8.8 (1989)
Tª mínima absoluta	6.3 (día 26)	1.0 (28/09/1993)		
Tª mínima máis alta	16.3 (día 12)	18.0 (01/09/1999)		
Tª máxima media	24.5	23.2	27.8 (1987)	18.9 (1995)
Tª máxima absoluta	33.8 (día 11)	39.4 (06/09/2016)		
Tª máxima máis baixa	17.8 (día 29)	13.0 (27/09/1992)		
Precipitación acumulada	40	42-66	137 (1986)	0 (1985)
Días de chuvia (≥1mm)	7	8	16 (1995)	0 (1985)

Comentario: Mes cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A chuvia rexistrada foi lixeiramente inferior ao rango de valores normais, resultando un mes seco. Tamén, o número de días de chuvia foi inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2022. Temperatura: 1981-2022.

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	SETEMBRO 2022	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.4	18.7	20.6 (2013)	15.8 (1974)
Tª mínima media	14.4	13.0	15.2 (2018)	10.1 (1963)
Tª mínima absoluta	8.7 (día 30)	3.7 (29/09/1974)		
Tª mínima máis alta	18.3 (día 14)	19.0 (24/09/1968)		
Tª máxima media	24.1	24.3	27.5 (1985)	20.7 (1974)
Tª máxima absoluta	30.3 (día 18)	34.9 (06/09/1974)		
Tª máxima máis baixa	19.0 (día 29)	13.4 (16/09/1962)		
Precipitación acumulada	110	74-107	268 (1967)	4 (1989)
Días de chuvia (≥1mm)	10	8	18 (1968)	1 (1988)

Comentario: Mes extremadamente cálido tendo en conta a temperatura mínima, mentres que para a máxima o mes resultou normal. Como resultado disto para a temperatura media o mes foi cálido.

A chuvia rexistrada foi lixeiramente superior ao rango de valores normais, resultando un mes húmido. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2022. Temperatura: 1958-2022.

**OURENSE**

	SETEMBRO 2022	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.7	20.2	23.4 (2018)	16.7 (1974)
Tª mínima media	13.0	12.3	14.8 (1981)	9.7 (1974)
Tª mínima absoluta	6.0 (día 26)	3.0 (29/09/1974)		
Tª mínima máis alta	18.4 (día 12)	21.0 (18/09/1981)		
Tª máxima media	28.0	27.5	32.1 (2018)	23.1 (1993)
Tª máxima absoluta	35.5 (día 19)	41.6 (06/09/2016)		
Tª máxima máis baixa	21.1 (día 29)	15.4 (25/09/1994)		
Precipitación acumulada	45	29-67	227 (1999)	3 (2009)
Días de chuvia (≥1mm)	6	6	12 (1993)	1 (2009)

Comentario: Mes normal tendo en conta as temperaturas máximas e mínimas. Sen embargo, para a temperatura media o mes foi lixeiramente cálido.

A chuvia rexistrada entra dentro do rango de valores normais. Tamén o número de días de chuvia acada o valor climático agardado.

*Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2022. Temperatura: 1972-2022.

5 TEMPERATURA

As temperaturas máximas non se afastaron da normalidade de xeito significativo xa que os intervalos cálidos anticiclónicos, particularmente os períodos entre o 9 e o 11 e posteriormente entre o 16 e o 22, quedaron compensados polos períodos de entrada de aire frío procedente do norte. Os valores medios das mínimas si foron algo máis elevados do agardado nun mes de setembro.

5.1. Temperatura media das máximas.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de setembro para Galicia, a partir dos valores do mapa da Figura 3 foi de 22.3 °C. Os valores máis altos rexistráronse no Miño ourensá, con valores próximos aos 28.7 °C. Os valores máis baixos déronse no Macizo de Manzaneda, onde se acadaron valores próximos aos 13.1 °C.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de setembro de 2022.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de setembro, a partir dos valores do mapa da Figura 4, para o territorio galego foi de 12.0 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na comarca da Limia e nas zonas máis elevadas da provincia de Ourense, acadándose valores próximos aos 6.5 °C. Pola contra, os valores máis altos déronse principalmente de forma xeneralizada no litoral, destacando a comarca de Vigo con valores de 17.9 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de setembro de 2022.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

No mapa de anomalías de temperatura obsérvase unha distribución irregular entre zonas máis cálidas, zonas de normalidade e zonas que mesmo resultaron frías. Así, os valores máis baixos da anomalía de temperatura rexistráronse na Baixa Limia, con valores próximos aos $-1.4\text{ }^{\circ}\text{C}$. Os valores máis altos atópanse nesta ocasión nas comarcas de A Coruña e Vigo, con anomalías de ata $+2.2\text{ }^{\circ}\text{C}$. A anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia segundo os valores do mapa foi de $+0.6\text{ }^{\circ}\text{C}$.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media ($^{\circ}\text{C}$) de setembro de 2022 respecto ó período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse principalmente no suroeste da provincia de Pontevedra. As máis baixas (Táboa 2) rexistráronse principalmente nas comarcas da Baixa Limia e as zonas altas da provincia de Ourense.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Estación	Provincia	Anomalía (°C)
Gondomar	Pontevedra	2.1
Cambre	A Coruña	2.0
Nigrán	Pontevedra	1.7
Porriño (O)	Pontevedra	1.6
Carral	A Coruña	1.5
Tomíño	Pontevedra	1.5
Tui	Pontevedra	1.5
Baiona	Pontevedra	1.5
Salceda de Caselas	Pontevedra	1.5
Cotobade	Pontevedra	1.5

Táboa 1: Anomalías de temperatura media máis elevadas no mes de setembro de 2022.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Estación	Provincia	Anomalía (°C)
Entrimo	Ourense	-0.8
Lobios	Ourense	-0.7
Lobeira	Ourense	-0.6
Vilariño de Conso	Ourense	-0.5
Muíños	Ourense	-0.4
Verea	Ourense	-0.3
Veiga (A)	Ourense	-0.2
Manzaneda	Ourense	-0.2
Bande	Ourense	-0.2
Monfero	A Coruña	-0.2

Táboa 2: Anomalías de temperatura media máis baixas no mes de setembro de 2022.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de setembro de 2022 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas entre do 11 e o 16 destaca principalmente por debaixo dos 1000 m, e por riba dos 1000m tamén destaca a do 10.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2022 por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
11/09/2022	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	36.0
11/09/2022	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	35.6
10/09/2022	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	35.5
19/09/2022	Ourense	OURENSE	Ourense	35.5
11/09/2022	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	34.6
11/09/2022	Míllara	PANTÓN	Lugo	34.3
11/09/2022	Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	34.3
19/09/2022	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	34.2
11/09/2022	Xabrega	SOBER	Lugo	34.2
20/09/2022	Cequeliños	ARBO	Pontevedra	34.1

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en setembro 2022, altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2022 por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
11/09/2022	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	28.5
11/09/2022	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	28.5
10/09/2022	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	28.3
10/09/2022	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	27.7
10/09/2022	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	27.4
10/09/2022	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	27.0
10/09/2022	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	26.6
20/09/2022	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	26.1
10/09/2022	Ancares	CERVANTES	Lugo	25.5

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en setembro de 2022, altitude maior a 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de setembro de 2022 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. En ambas altitudes as xornadas do 25 e o 26 foron as máis frías do mes, se ben por debaixo dos 1000 m tamén destaca o día 30.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2022 por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
25/09/2022	Xares	VEIGA (A)	Ourense	0.6
26/09/2022	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	0.8
30/09/2022	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	1.1
30/09/2022	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	1.6
26/09/2022	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	1.9
26/09/2022	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	2.9
25/09/2022	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	3.1
25/09/2022	Ancares	CERVANTES	Lugo	3.2
30/09/2022	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	3.4
26/09/2022	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	3.5

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en setembro de 2022, altitude maior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2022 por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
26/09/2022	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-2.8
26/09/2022	Baltar	BALTAR	Ourense	0.3
26/09/2022	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	0.4
26/09/2022	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	1.0
26/09/2022	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	1.6
26/09/2022	Monte Medo	BAÑOS DE MOLGAS	Ourense	2.2
26/09/2022	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	2.2
25/09/2022	Baltar	BALTAR	Ourense	2.9
26/09/2022	Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	3.0
26/09/2022	Morelle	SARRIA	Lugo	3.2

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en setembro de 2022, altitude menor a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2022.

Na Figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2022 para esta serie foi 18.6 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2022 para setembro.

A anomalía media da temperatura para este mes de setembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.6 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como cálido. As temperaturas máximas (+0.1°C) foron normais, mentres que as mínimas (+1.1 °C), foron cálidas. O precedente xa o atopamos no anterior ano 2021.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en setembro, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As chuvias a nivel de Galicia pódense considerar bastante normais para un mes de setembro, aínda que contrastan os excesos dalgúns puntos, fundamentalmente no oeste da Coruña, coas anomalías negativas doutros lugares do interior.

Segundo os valores do mapa da Figura 8, a precipitación media acumulada foi de 87 L/m². As precipitacións acumuladas máis elevadas acadáronse no suroeste da provincia da Coruña, con valores que puntualmente de ata 254 L/m². Os valores máis baixos de precipitación acadáronse na comarca de Valdeorras, con valores próximos a 11 L/m².




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de setembro de 2022.

6.1. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da Figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de setembro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100 % o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego, segundo os valores do mapa, foi un 3 % superior ao período de referencia 1981-2010. A distribución das porcentaxes de precipitación presenta unha clara diferenza entre as zonas máis occidentais e as máis orientais. Na Baixa Limia, acadáronse as porcentaxes de precipitación máis altas con valores próximos ao 203 % por riba do normal. Os valores máis baixos acadáronse nas zonas máis orientais, onde puntualmente foron acadaron valores dun 95% por debaixo do normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de setembro de 2022.

6.2. Días de chuva en setembro de 2022

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 8.9. Os valores máis altos acadáronse na Mariña occidental e na comarca de Ortegal, con case 17 días de chuva. Pola contra, os valores máis baixos déronse nos concellos de Ourense, Monforte de Lemos e localidades das comarcas de Terra de Trives e Valdeorras, cun valor de 3 días.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m² durante o mes de setembro de 2022.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de setembro. As precipitacións acumuladas máis altas superaron os 150 L/m², principalmente no oeste da provincia de A Coruña, pero en xeral en todo o oeste da Comunidade. As xornadas do 4 e o 13 foron as máis chuviosas do mes.

Precipitacións acumuladas máximas en setembro de 2022			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	252
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	237
Muralla	LOUSAME	A Coruña	225
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	190
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	185
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	183
Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	181
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	174
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	171
Lira	CARNOTA	A Coruña	169

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de setembro de 2022.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	118	04/09/2022 06:10
Lira	CARNOTA	A Coruña	103	04/09/2022 07:00
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	84	13/09/2022 10:10
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	83	04/09/2022 03:30
Muralla	LOUSAME	A Coruña	80	04/09/2022 09:20
Lesende	LOUSAME	A Coruña	77	04/09/2022 06:00
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	75	04/09/2022 06:20
Rus	CARBALLO	A Coruña	73	04/09/2022 07:30
Ponte Caldelas	PONTE CALDELAS	Pontevedra	69	13/09/2022 05:50
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	66	13/09/2022 07:00

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de setembro de 2022.

6.3. Evolución da precipitación en setembro de 2022

Na Figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2022, para esta serie, foi 80 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2022 para setembro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de setembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 1 % inferior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse normal, tendo en conta o conxunto da Comunidade.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en setembro, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO



Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Na táboa 9 obsérvase tan só nunha estación se rexistraron ventos superiores ao limiar especificado. A porcentaxe de calmas foi en xeral elevada debido as situacións que foron de estabilidade atmosférica, a dirección de vento predominante foi moi variable dependendo das diferentes rexións da Comunidade.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en setembro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
05/09/2022	O Xistral	MURAS	Lugo	112.1







Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de setembro de 2022.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	77.5	NE	20		
		Día 13				
Pta. Candieira	Cedeira	93.5	SO	9		
		Día 4				
Malpica	Malpica	66.6	SE	7		
		Día 7				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Marco da Curra	Monfero	74.6	SE	4		
		Día 4				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de setembro de 2022 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	98.7	E	3		
		Día 4				
Campus Lugo	Lugo	51.4	N	59		
		Día 4				
Ancares	Cervantes	83.3	NE	13		
		Día 13				

Táboa 11: Resumo vento no mes de setembro de 2022 na provincia de Lugo





PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xares	A Veiga	95.9	N	5		
		Día 12				
Rodicio	Maceda	65.7	NE	16		
		Día 12				
Gandarela	Celanova	63.4	NO	39		
		Día 12				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de setembro de 2022 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	72.5	S	14		
		Día 26				



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Cíes	Vigo	79.9	SO	27		
		Día 29				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de setembro de 2022 na provincia de Pontevedra.

8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de setembro de 2022.

8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de Meteogalicia rexistrou neste mes de setembro 396 raios, a maior parte deles na xornada do 19 (Figura 15).




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en setembro de 2022.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias. Como se pode ver na Figura 16 a maioría dos raios foron nas provincias de Ourense e Pontevedra mentres que nas outras dúas provincias o número de raios foron case a metade.




Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en setembro de 2022.

Na Figura 17 pódese ver o número total de raios rexistrados en setembro en Galicia dende o ano 2010 ao 2022. Pódese observar que este setembro o número de raios foi moi baixo, principalmente se o comparamos co ano 2014, co número de raios detectados máis elevado da serie.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en setembro dende 2010 a 2022.

MeteoGalicia
Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático
Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 9

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días			
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
A Coruña																												
A Gándara	16.7	20.32	29.2	19	14.3	10.5	25	114	27.9	29	31	88	97	71	51	189	1493	20	90	4	968	14	0					
Aldea Nova	17.1	21.57	26.7	11	14.2	9.4	30	84	24.0	4	-8	86	97	65	48	179	1477	9	61	4	983	15	0					
Arzúa	16.4	22.87	31.2	19	11.3	5.6	25	93	17.7	5	3	86	100	57	49	184	1447	4	42	4	973	13	0					
Camariñas	18.4	20.82	25.6	19	15.9	10.9	30	57	16.7	29	-42	84	94	70	61	229	1677	17	77	4	1014	11	0					
Cariño	18.5	20.74	23.9	5	16.4	12.4	30	69	14.4	14	-21	82	92	70	45	168	1363	13	80	4	1015	13	0					
Cespón	19.0	24.79	33.0	18	14.5	8.4	30	152	50.7	5	53	83	98	59	55	205	1532	6	46	5	1010	13	0					
CIS Ferrol	18.6	23.3	29.5	11	15.1	10.3	30	88	20.9	4	-17	77	91	56	52	193	1501	9	66	4	1012	14	0					
Corrubedo	18.6	23.23	28.0	18	15.5	10.9	30	134	32.0	5	30	78	90	60	51	190	1556	7	50	13	1011	13	0					
Coruña-Dique	18.3	20.98	25.2	19	15.6	11.0	30	55	19.8	13	**	82	93	69	**	**	**	15	83	4	1013	14	0					
Coruña-Torre de Hércul	19.1	22.83	26.5	19	16.4	12.4	30	71	20.8	5	**	88	98	70	**	**	**	**	**	**	**	14	0					
*Coto Muiño	16.3	21.85	30.3	19	11.8	6.5	22	190	52.2	4	**	90	100	67	**	**	**	3	42	13	**	15	0					
Fontecada	16.2	20.76	29.0	19	12.6	8.2	30	251	79.2	5	167	82	94	62	47	173	1350	11	65	5	973	13	0					
*Guísamo	17.9	22.68	29.4	11	14.4	10.1	30	66	14.1	13	**	83	97	60	**	**	**	4	48	4	994	15	0					
*Lesende	18.3	23.3	30.5	20	14.4	8.8	30	159	45.9	5	68	87	99	63	51	189	1464	4	48	5	995	11	0					
Lira	18.4	21.47	27.3	18	16.1	11.6	30	168	59.8	5	66	81	91	65	58	217	1641	18	77	13	**	14	0					
Mabegondo	17.5	23.8	30.7	19	11.8	5.3	22	85	26.0	13	-3	86	100	60	47	177	1437	6	64	4	1004	16	0					
Malpica	17.6	21.75	26.7	12	15.0	12.0	30	52	20.5	4	-32	90	99	71	57	213	1556	18	66	7	996	11	0					
Marco da Curra	14.7	19.33	26.7	11	11.8	7.9	30	54	11.7	5	-26	87	99	65	44	166	1410	17	74	4	941	17	0					
Melide	16.2	23.84	32.6	19	10.3	4.1	25	65	15.5	29	-31	80	97	52	50	185	1483	5	47	25	961	12	0					
Muralla	15.7	18.66	27.3	19	13.2	8.8	25	225	55.2	5	154	90	97	75	45	168	1324	21	75	5	940	13	0					
*O Val	18.3	23	28.2	11	14.2	8.3	30	81	33.0	4	**	82	94	63	**	**	**	4	39	4	1007	14	0					
Olas	16.1	21.1	28.3	19	12.2	6.6	30	168	55.5	13	83	86	98	64	46	170	1421	9	67	4	**	17	0					
*Ordes	16.8	22.87	32.1	19	11.6	5.3	22	109	34.7	5	**	81	94	58	**	**	**	3	35	25	983	16	0					
*Paramos	16.6	21.51	29.7	19	12.9	8.9	30	237	54.6	5	**	83	94	62	**	**	**	5	45	25	973	15	0					
*Pazo de Galegos	18.0	23.58	31.1	19	13.7	9.0	30	131	30.7	5	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	**	13	0					
Punta Candieira	17.4	19.81	25.1	11	15.6	12.1	25	48	12.2	4	-48	79	92	65	46	172	1435	24	93	4	985	14	0					
Punta Langosteira	18.2	20.29	23.6	12	15.8	12.0	22	33	15.0	5	**	82	93	70	53	196	1480	15	76	4	1013	10	0					
Río do Sol	15.5	19.52	28.6	19	12.8	8.9	30	180	47.5	5	103	88	97	68	44	165	1368	17	67	4	953	17	0					
*Rus	17.7	22.91	28.9	10	13.0	8.9	30	130	48.3	5	**	90	100	69	**	**	**	3	49	7	998	16	0					
Sálvora-Pazo	18.5	21.69	27.0	19	16.4	12.5	30	157	55.4	5	55	88	97	72	65	242	1783	18	70	13	**	13	0					
Santiago-EOAS	17.5	22.67	30.0	19	13.7	8.2	30	164	40.5	5	69	81	94	59	44	163	1411	13	62	4	986	12	0					
Santiago-San Lázaro	17.3	22	29.6	19	13.5	7.8	30	131	32.6	13	41	83	96	62	51	189	1486	8	99	14	979	11	**					
Sergude	18.0	23.8	31.2	19	13.8	8.0	30	134	46.9	5	**	88	100	62	46	172	1444	**	**	**	**	12	0					
Serra da Faladoira	14.7	18.13	25.4	11	12.3	9.0	25	124	27.9	29	47	87	96	70	44	166	1379	20	75	5	949	20	0					

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 9

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Lugo																												
A Pontenova	16.6	21.83	30.3	10	13.1	9.0	25	82	35.7	24	**	80	95	59	40	152	1268	14	89	5	**	**	**	**	13	0		
Abradelo	15.6	21.8	30.1	11	11.2	6.3	26	54	21.7	29	**	75	94	50	52	196	1581	**	**	**	**	**	**	**	11	0		
*Alto do Faro	14.6	19.91	27.9	11	10.7	5.7	3	95	31.6	19	**	93	100	69	**	**	**	4	41	5	920	**	**	**	14	0		
*Alto do Poio	12.6	17.1	24.9	11	9.2	3.1	25	94	29.9	29	**	78	93	57	**	**	**	5	46	24	**	**	**	**	14	0		
Ancares	12.7	17.29	25.5	10	9.5	3.2	25	76	21.3	29	-19	77	92	57	49	183	1538	15	83	13	865	**	**	**	12	0		
*Borreiros	17.7	22.58	26.7	14	13.5	9.4	25	80	22.7	24	4	83	97	63	39	145	1161	4	47	5	1008	**	**	**	14	0		
Bóveda	17.4	24.67	33.6	11	11.8	4.7	26	50	23.3	29	-53	82	100	48	53	197	1592	6	48	12	966	**	**	**	8	0		
Burela	16.3	19.37	25.0	11	14.1	11.0	30	64	19.1	29	-26	80	91	66	46	171	1392	16	73	5	967	**	**	**	13	0		
Campus Lugo	16.8	24.45	33.8	11	11.4	6.3	26	40	10.9	29	-51	81	99	47	42	157	1395	5	51	4	969	**	**	**	11	0		
Castro R. de Lea	16.4	22.8	33.4	11	11.4	6.3	26	34	8.0	29	**	82	98	53	51	190	1516	**	**	**	966	**	**	**	13	0		
Corno do Boi	14.1	19.49	27.3	11	10.9	6.9	30	76	16.2	5	-10	86	98	62	49	184	1508	12	72	12	**	**	**	**	15	0		
Cospeito	15.7	22.15	32.4	11	10.0	4.2	22	37	8.6	14	-52	86	100	58	51	189	1504	7	53	13	**	**	**	**	14	0		
Courel	16.1	22.14	30.8	11	11.6	5.2	26	49	14.8	29	-58	71	94	47	50	188	1531	8	73	12	928	**	**	**	10	0		
Feiranova-Santaballa	15.2	21.58	30.3	11	10.0	4.3	22	49	10.9	5	-33	91	100	65	46	170	1468	6	56	5	960	**	**	**	17	0		
Fontaneira	14.1	18.91	28.8	11	10.6	5.7	25	56	14.8	29	-29	82	96	61	48	180	1392	15	67	5	905	**	**	**	17	0		
Foz	17.5	21.97	26.4	14	13.6	10.0	25	88	26.6	29	-7	79	93	61	45	168	1388	11	77	5	1007	**	**	**	12	0		
Fragavella	14.3	18.1	27.8	11	10.9	6.6	3	74	21.3	24	-2	87	98	68	41	152	1356	13	81	4	947	**	**	**	17	0		
Guitiriz-Mirador	14.6	19.5	28.0	11	11.6	7.3	25	70	13.6	5	-9	88	99	64	44	164	1368	8	55	4	937	**	**	**	15	0		
*Labrada	14.3	18.08	28.7	11	11.6	7.6	30	71	11.6	5	-7	85	95	67	43	159	1350	10	55	5	**	**	**	**	18	0		
*Lourenzá	17.5	23.45	29.1	10	12.4	7.0	22	87	21.4	29	**	82	96	59	**	**	**	3	42	4	**	**	**	**	16	0		
Marroxo	16.3	22.59	30.4	11	12.0	6.3	26	40	20.0	14	-63	78	98	48	53	198	1591	9	56	5	943	**	**	**	8	0		
*Míllara	18.2	25.75	34.3	11	13.0	7.0	26	48	13.4	13	**	75	97	44	**	**	**	6	62	12	**	**	**	**	9	0		
Monforte	18.3	26.06	34.3	11	11.8	3.0	26	25	10.2	29	-75	81	100	45	49	182	1527	3	44	24	**	**	**	**	8	0		
*Morelle	17.0	24.47	33.4	11	11.2	3.2	26	45	15.1	29	-31	81	100	49	29	110	1139	3	37	12	967	**	**	**	10	0		
O Cebreiro	12.6	18.94	27.7	10	8.4	1.9	26	68	16.2	29	-20	84	98	62	49	181	1510	11	54	29	870	**	**	**	13	0		
O Xipro	14.9	20.74	31.0	11	10.7	5.7	25	42	10.5	29	-55	79	95	53	50	187	1487	10	63	5	926	**	**	**	13	0		
O Xistral	13.0	15.81	24.8	11	10.8	7.3	25	106	16.3	29	50	93	100	77	41	154	1311	30	112	5	**	**	**	**	20	0		
Pedro Murias	18.4	22.3	27.2	4	14.8	10.4	25	90	24.9	24	8	86	97	68	42	156	1250	9	63	6	1010	**	**	**	12	0		
Penedo do Galo	14.9	17.92	25.5	11	13.0	9.5	25	76	12.4	15	0	86	96	70	43	159	1338	25	98	4	**	**	**	**	18	0		
Pol	15.0	20.61	31.1	11	11.4	7.1	25	62	11.9	29	**	83	97	58	48	178	1430	**	**	**	941	**	**	**	16	0		
Portomarín	16.7	24.47	32.9	11	11.2	5.6	26	33	16.0	29	**	81	99	48	44	166	1454	**	**	**	964	**	**	**	9	0		
Riotorto	16.9	22.46	31.6	11	12.6	8.3	30	63	18.3	24	-26	86	99	60	44	164	1432	5	55	4	**	**	**	**	15	0		
Sambreixo	15.3	21.58	30.1	11	9.9	4.4	30	43	8.6	13	**	84	99	58	48	181	1450	**	**	**	**	**	**	**	14	0		
*San Clodio	19.0	26.56	35.5	11	12.4	4.1	26	29	13.6	29	**	71	97	41	**	**	**	3	36	12	985	**	**	**	7	0		
*San Fiz	17.6	24.43	32.4	11	12.6	7.3	26	31	9.6	29	-72	77	96	49	48	181	1537	4	43	12	970	**	**	**	7	0		
Santa Cruz	17.3	22.88	28.2	11	11.9	6.2	22	45	11.7	24	-43	82	97	57	44	163	1397	4	48	4	**	**	**	**	14	0		
Serra Vacaloura	15.0	20.99	30.1	11	11.2	7.1	25	47	17.0	29	-37	89	100	61	52	195	1547	18	73	5	**	**	**	**	10	0		
Ventosa	14.8	20.26	29.3	11	10.3	4.7	26	33	8.1	29	-67	75	92	53	51	191	1514	9	65	6	912	**	**	**	11	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 9

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
*Vilamor	17.3	22.89	28.5	11	12.6	6.9	22	67	21.0	24	-21	82	97	58	43	161	1346	5	43	4	**	13	0		
*Xabrega	18.2	25.75	34.2	11	12.5	5.1	26	41	12.5	14	-66	73	94	44	47	175	1504	5	56	4	978	9	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 9

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Pontevedra																												
*A Armenteira	17.0	22.28	30.0	18	12.9	6.3	30	113	26.0	5	22	85	97	66	49	182	1473	5	50	5	**			13	0			
A Granxa	19.0	26.62	33.9	18	13.0	5.1	30	112	30.9	13	7	79	97	49	56	207	1589	3	41	4	1011			9	0			
A Lanzada	18.7	23.27	31.3	18	15.1	8.6	30	92	35.0	5	-13	83	95	65	64	238	1705	14	64	5	**			12	0			
*Areas	19.6	25.66	33.2	18	15.3	8.3	30	103	38.8	29	1	86	99	59	52	194	1558	3	31	5	**			9	0			
*As Eiras	19.1	24.7	33.0	18	14.6	7.8	25	73	31.4	29	-59	81	97	57	58	215	1626	4	39	5	1008			9	0			
Atios	19.1	25.65	32.9	18	13.6	5.9	26	106	36.3	13	9	89	100	59	53	197	1555	4	42	5	**			9	0			
Baiona	19.3	23	31.3	19	16.1	10.0	26	99	40.9	29	-12	82	95	63	64	236	1754	9	54	4	**			9	0			
*Barrantes	18.5	24.05	30.9	18	13.7	6.2	30	85	27.9	5	-10	83	97	62	55	205	1508	4	40	5	**			12	0			
Cabo Udra	19.0	22.73	28.0	18	16.4	11.9	30	83	32.9	29	-18	87	98	70	61	227	1705	16	82	13	**			12	0			
Caldas de Reis	17.7	23.56	30.9	19	13.8	8.9	30	116	29.0	13	22	81	95	58	45	165	1432	5	51	4	984			12	0			
*Camanzo	18.1	24.25	31.7	19	13.4	7.5	26	78	17.4	29	-20	79	95	56	48	180	1466	5	49	4	991			11	0			
Cangas-Porto	19.4	22.39	29.4	18	16.8	11.4	30	60	28.5	29	**	77	89	62	**	**	**	9	49	5	**			10	0			
Castro Vicaludo	17.1	20.38	27.7	19	14.6	9.2	26	102	28.8	29	13	86	96	70	53	197	1510	18	86	13	960			11	0			
Castrove	17.1	20.6	28.6	19	14.5	9.3	25	154	38.5	5	64	86	96	68	49	180	1499	13	61	5	956			15	0			
*Cequeliños	19.2	25.99	34.1	20	14.2	7.9	30	92	29.2	29	-25	74	94	47	57	212	1637	6	52	5	**			8	0			
Corón	18.9	22.32	29.1	18	16.1	10.7	30	118	60.9	5	8	80	92	63	61	228	1684	14	65	13	1013			11	0			
*Entenza	19.6	26.33	33.3	20	14.7	6.9	30	89	22.4	29	-17	81	98	52	55	203	1600	2	34	4	**			9	0			
Forcarei	15.7	20.46	28.6	19	12.3	7.1	30	140	42.2	13	54	87	98	67	51	190	1510	15	62	5	**			13	0			
Fornelos de Montes	16.4	20.28	27.8	18	13.6	7.2	30	183	53.5	13	85	81	93	65	54	201	1559	15	72	26	935			12	0			
Gargamala	18.8	25.21	31.8	18	14.2	8.2	30	115	36.5	13	10	82	98	55	56	207	1608	4	43	12	**			9	0			
Illas Cíes	19.0	22.28	29.0	18	16.7	12.7	30	63	26.8	29	-62	83	94	67	67	217	1867	11	79	29	**			11	0			
Lalín	16.3	22.07	30.2	19	11.8	6.6	30	90	32.8	13	**	84	100	56	**	**	**	8	51	12	**			10	0			
*Louredo	17.8	23.24	30.5	18	14.4	9.3	30	114	33.0	29	**	90	99	69	**	**	**	2	33	7	987			9	0			
Lourizán	18.7	24.14	30.3	18	14.7	8.7	30	109	32.4	13	15	84	98	61	47	176	1501	2	31	4	1009			10	0			
*Meder	19.5	26.51	33.3	20	14.6	7.1	30	91	30.4	14	**	79	98	48	**	**	**	1	29	5	998			8	0			
Monte Aloia	17.3	22.59	31.2	20	14.0	8.4	26	143	47.1	29	48	86	97	67	49	180	1522	7	58	13	960			12	0			
Mouriscade	15.8	23.01	30.5	19	9.7	2.2	26	93	40.7	13	-6	82	98	53	54	200	1611	6	49	12	957			11	0			
O Viso	18.4	23.91	31.3	18	14.8	10.0	25	88	24.7	29	-11	77	92	54	56	201	1534	9	67	13	984			10	0			
Ons	18.2	21.74	28.6	19	15.6	11.8	25	107	32.2	29	4	87	97	71	63	235	1793	17	74	5	1001			12	0			
*Pé Redondo	18.9	24.04	31.0	18	15.0	9.5	30	119	23.8	5	20	83	96	63	51	190	1543	2	43	4	**			13	0			
*Ponte Caldelas	17.5	22.98	30.6	18	13.1	6.1	30	135	52.8	13	39	79	94	58	51	190	1478	4	34	5	974			11	0			
Pontevedra-Campolongo	19.5	25.38	31.8	18	15.3	8.6	30	106	27.7	13	**	79	98	52	**	**	**	2	36	5	**			12	0			
Porto de Vigo	20.0	23.24	30.1	18	17.6	12.3	30	79	30.9	29	-34	79	92	62	62	232	1693	11	55	5	1013			10	0			
Rebordelo	16.7	23.07	31.0	19	11.5	4.1	30	170	50.2	13	**	85	99	61	51	191	1445	**	**	**	974			13	0			
San Nomedio	17.0	21.64	29.1	18	14.0	8.5	30	101	25.9	29	8	82	95	62	49	183	1460	14	78	12	**			11	0			
Sanxenxo	19.3	23.64	30.5	20	15.8	10.5	30	103	38.6	5	-2	82	96	62	57	213	1645	4	46	4	1011			11	0			
Serra do Faro	14.4	19.05	27.0	10	11.1	5.4	30	107	43.3	13	17	81	94	61	49	184	1436	17	62	5	904			12	0			
*Simes	18.5	24.05	30.9	18	13.9	8.2	30	69	19.2	5	**	83	96	62	52	194	1438	**	**	**	**			11	0			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 9



Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
*Soutomaior	18.6	24.14	31.5	18	14.8	9.4	30	92	24.4	13	**	84	98	59	**	**	**	2	30	5	995	11	0		
*Torrequintáns	19.1	24.56	32.6	18	14.8	7.7	30	75	23.7	5	-24	87	99	65	53	199	1613	5	47	4	1007	10	0		
*Tremoedo	18.5	23.53	30.9	18	14.4	7.7	30	102	34.1	5	**	82	97	59	**	**	**	3	34	25	1007	12	0		
Vigo	19.5	24.3	30.8	18	16.0	10.0	30	88	32.4	29	**	76	91	55	**	**	**	**	**	**	**	10	0		
Vigo-Campus	17.5	20.94	29.1	19	14.9	9.7	30	112	27.9	13	9	81	94	64	57	212	1638	7	59	13	963	12	0		
Xesteiras	16.2	19.36	27.5	19	13.8	8.6	26	185	40.6	13	**	87	96	71	**	**	**	22	80	4	933	12	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.



--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.


TEMPERATURA MÍNIMA DIARIA SETEMBRO 2022



TEMPERATURA MÁXIMA DIARIA SETEMBRO 2022



CHUVIA ACUMULADA DIARIA SETEMBRO 2022



REFACHO MÁXIMO DIARIO SETEMBRO 2022

